

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Ano 1.


Nº. 5

Outubro 2006

D.L. Ou.-67/2006



O FORO NA GALICIA (e III) DA IDADE CONTEMPORÁNEA



O DOCUMENTO:

1840. Ourense

Expediente de poxa de tres foros do Priorado de Coiras (dependente do Mosteiro de Oseira) e do Priorado de Lobás (dependente do Mosteiro de S. Paio de Antealtares de Santiago).

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 5 h.; 210 x 150 mm

AHPOu, Fondo Delegación Provincial del Ministerio de Hacienda, C. 2125

Rematamos o ciclo dedicado ao foro examinando un expediente de poxa de foros xerado no transcurso da **Desamortización** de bens eclesiásticos acontecida en España durante o século XIX e máis coñecida como “de Mendizábal”, polo nome do ministro de Facenda que a promoveu desde 1834. Este proceso hai que contextualizalo na instauración, tras a morte de Fernando VII en 1833, dun novo réxime baseado nos principios do **Liberalismo**. Estes principios teñen como principal novidade política a separación dos poderes do Estado, concretados en España na monarquía parlamentaria, e no plano económico defenden a libre circulación de bens e capitais, é dicir o **libre mercado capitalista**. Por iso, unha das medidas máis importantes deste novo réxime foi a Desamortización, consistente na nacionalización e poxa dos **bens en “mans mortas”** para liberalos dos atrancos xurídicos propios do Antigo Réxime.

Os monxes e frades foron expulsados de mosteiros e conventos, e o seu patrimonio pasou a ser administrado pola Facenda Pública a través de oficinas provinciais que tamén se encargaron de vendelos en poxa.

O **expediente de poxa de foros** que reproducimos neste número é unha mostra documental da última fase do proceso desamortizador, na que un particular, D. Manuel Fernández, como mellor ofertante na poxa celebrada en Ourense o 24 de setembro de 1840, compra dous foros do Priorado de Coiras (dependente do Mosteiro de Oseira) e outro do Priorado de Lobás (dependente do Mosteiro de S. Paio de Antealtares). Non adquire a propiedade plena das terras aforadas, senón a titularidade do **dominio directo ou eminente**: é dicir, o dereito a cobrar rendas dos foreiros ou titulares do **dominio útil**. O expediente é a tipoloxía documental máis habitual das administracións públicas e o típico exemplo de **unidade documental composta**.

DESAMORTIZACIÓN E SISTEMA FORAL

Os bens en “mans mortas” (morgados da nobreza e fidalguía, bens eclesiásticos, “proprios” ou propiedades inmobiliarias dos Concellos, etc.) recibían este nome porque se atopaban excluídos do mercado inmobiliario, por ter os seus titulares prohibida a súa venda, co conseguinte bloqueo que iso supuña para o dinamismo económico. Coa Desamortización eclesiástica e civil pretendíase poñelos en mans de novos propietarios co fin de inserilos na circulación mercantil da economía capitalista, ao tempo que se saneaba a **Débeda Pública** do Estado cos ingresos procedentes da súa poxa. Ademais, coa Desamortización eclesiástica tamén se buscaba neutralizar politicamente á Igrexa Católica, na medida en que esta contribuía con apoio ideolóxico e loxístico aos insurxentes absolutistas durante a primeira **guerra carlista** (1833-1840).


Sen embargo, en Galicia, a Desamortización non conseguiu a finalidade de inserir os bens nacionalizados no mercado porque a maioría deles estaban cedidos a través de contratos forais. Cando foron vendidos en poxa só cambiou o titular do dominio directo, de maneira que a relación contractual co foreiro non se viu afectada. Os compradores, maioritariamente burgueses e fidalgos, continuaron como rendistas sen querer, nin poder, potenciar unha agricultura capitalista. O sistema foral e, en consecuencia, a estrutura agraria de Galicia mantivéronse practicamente intactos.

DIRECCION GENERAL

DE RENTAS
Y ARBITRIOS DE AMORTIZACION.

VENTA DE FOROS, ENFITEUSIS Y ARRENDAMIENTOS ANTERIORES AL AÑO DE 1800.

24. Nov. 1840.
Trábase al f...
de 10 p... a...
probenidos p...
y para orig...
Contas...



A DERRADEIRA CRISE DO FORO

As voces máis cualificadas de Galicia denunciaron as eivas que impuña o sistema foral ao desenvolvemento económico do noroeste peninsular, incompatibles coas transformacións capitalistas.

Para debater esta cuestión en profundidade celebrouse en Santiago, no ano 1864, un **Congreso Agrícola** no que se escoitaron as teses dos partidarios da **reversión** (retorno do dominio útil ao titular do dominio directo), os dos defensores da **redención** (propiedade plena para o titular do dominio útil a cambio de indemnizar ao titular do dominio directo) e os argumentos dos partidarios de non alterar o estado de cousas, opción que se impuxo finalmente.

Durante a **Primeira República** (1870-1873), o deputado ourensán **Paz Novoa**, promoveu unha **lei de redención de foros** que foi aprobada en 1873 pero cuxa vida non foi máis alá dos seis meses que sobreviviu o réxime republicano.

A DESAPARICIÓN DO FORO

Pero os cambios sufridos pola economía galega entre finais do século XIX e principios do XX (progresiva integración da economía galega no mercado español, novidades tecnolóxicas), evidenciaron a inviabilidade da prórroga indefinida dos contratos forais desde a Pragmática de 1763 e demostraron a necesidade de liquidalos. Asemade, a **crise agraria** de fin de século provocou, entre outras consecuencias, a caída dos prezos do cereal e, por tanto, o valor das rendas forais. Os perceptores de rendas fixas en especie ao ver caer os seus ingresos convenceráronse da necesidade de redimir os foros. Pola súa parte, o campesiñado tamén tomou un papel activo neste proceso gracias á aparición de **sociedades agrarias** que adoptaron unha activa militancia en contra do foro.

Paradoxalmente, vai ser durante unha etapa de autoritarismo político, como a **Ditadura de Primo de Rivera**, cando se solventa de forma definitiva o problema foral a través do **R. Decreto-Ley de Redención de foros de 1926**, publicado na *Gaceta de Madrid* do 26 de xuño. Ao abeiro desta norma, boa parte do campesiñado galego puido acceder á propiedade plena da terra, circunstancia que tivo profundas consecuencias sociolóxicas, socioeconómicas e políticas de cara ao futuro.

